

Chegar a Italia

BD David Rubín salta o Mediterráneo

Dove nessuno può arrivare · David Rubín ·
Tunué, 2007 ·
96 páx · 7,90 euros



Hai tan só uns meses, en outubro do pasado ano, saía do prelo a versión italiana do cómic *Onde ninguén pode chegar* de David Rubín, obra que lle valeu ao ourensán ser gañador da primeira edición do Premio Castelao de Banda Deseñada, alá polo ano 2005. A tradución está publicada pola editora Tunué e o título polo que se pode buscar en Italia é *Dove nessuno può arrivare*.

Esta historia de amor e desencontros na que o superheroe protagonista se ispe de todas as súas habilidades para mostrarse coma un humano de a pé, é unha boa mostra da mirada de Rubín, que sabe sempre espremer todo o xugo aos seus personaxes afrontándoos dende ópticas inesperadas e profundamente humanas.

Pero a edición italiana non se trata unicamente dunha tradución, sen máis, da galega –que xa tivera, por certo, unha versión en castelán dentro do volume *El circo del desaliento*, aparecido en Astiberri no 2005–. A edición achega algunha novidade interesante, como unha nova portada, realizada exclusivamente para o novo formato de Tunué, unha serie de ilustracións a modo de *bonus track* –entre as que podemos atopar unha terceira versión da portada– e unhas páxinas dedicadas a bosquexos de personaxes. Ademais é introducida polo prólogo que Miguelanxo Prado preparou para a edición de *El circo del desaliento*.

A nova da publicación italiana non é só un motivo de celebración para David, quen tamén agarda pola versión francesa desta historia que editará en breve Rackham, senón para todos aqueles que confían en que os autores galegos teñen moito que pintar máis aló das nosas fronteiras.